

2005

O PEIRAO

recuperación do espazo urban

presentación

o peirao vello de Viveiro, situado a carón da cidade histórica e na súa apertura á ría como prolongación dun malecón construído hai xa un século, é unha instalación portuaria obsoleta no que persisten algúns almacéns residuais, e á cal fóronse engadindo, en sucesivos recheos, usos que non pertencen á actividade portuaria, como a estación de autobuses, a area comercial do Haley e o Casino de Viveiro, completándose recentemente a secuencia dos recheos coa implantación do novo porto deportivo

este conxunto de espazos contiguos ó plano de auga da enseada, que deixaron de ser activos nun momento da historia de cidade para a súa utilización industrial, de tráfico de mercadorías, para o almacenaxe, a lonxa, e todas as actividades económicas propias dos portos, poden ser recuperados para a cidade e converterse en espazos para o lecer, a empresa, o comercio e a vivenda. En xeral, novos usos que nas cidades modernas cobran un gran interese urbano e medio ambiental co seu emprazamento nos espazos de relación entre a auga e a terra, a "fronte marítima"



o Concello de Viveiro decidiu toma-la iniciativa de por en marcha o necesario proceso de transformación do peirao vello e o conxunto dos recheos contiguos, a través da organización do Primeiro Obradoiro de Arquitectura e Urbanismo de Viveiro no que, durante unha semana, un conxunto de arquitectos e estudantes analizaran o ámbito e realizaran un conxunto de propostas que lle serviran para coñecer a dirección na que se deberá traballar no futuro

agora presentanse os resultados desas xornadas académicas definindo os obxectivos que quere marcarse o Concello na futura transformación da fronte marítima, unha actuación que sería a gran oportunidade de crecemento e cualificación urbana da cidade: a recuperación do espazo para uso público e en contacto coa ría, a implantación de novos usos que complementen a oferta comercial e residencial do Conxunto Histórico, e a ordenación do estacionamento e de novas edificacións cun criterio de calidade urbana e arquitectónica



ambito de actuación

organiza



colabora

